



Proceso de integración aberto e permanente do PTFP en PES

INFORMACIÓN PRÁCTICA

O proceso de integración quedará permanentemente aberto até o 19 de xaneiro de 2026

A publicación de novo profesorado integrado será con carácter trimestral

Os efectos serán desde o momento no que se solicita a integración

O sistema será o mesmo que o do prazo ordinario que vén de rematar (sede electrónica)

Prazos de resolución da Orde de integración

Unha vez pechado o prazo para a presentación de instancias de integración do PTFP en PES queremos saber que prazos manexa a Consellaría de Educación para a publicación da listaxe de admitidos e excluídos e, sobre todo, para facer efectivos os efectos económicos e administrativos de quen se vai integrar.

Equiparación salarial mediante complemento autonómico de todo o profesorado de FP

Seguimos reiterando que está na vontade da administración galega evitar a discriminación e o malestar que se está a producir nos centros nos que se imparte FP polos efectos do RD estatal. A estas alturas a Consellaría debería ter o dato exacto, cando menos do funcionariado de carreira que queda no corpo de PTFP “para extinguir” dado que quen ten titulación universitaria achegouna para formalizar a integración. Pedimos que se nos dea ese dato.

Canto lle suporía á Consellaría asumir o complemento salarial autonómico que permitiría eliminar a discriminación salarial entre o profesorado que imparte en FP? Ten botadas as contas a administración?, porque se non é así e nos dá as cifras tanto de funcionariado de carreira como interino afectado por esta discriminación botámolas nós e podemos comparar o que supón esta partida con respecto a outros gastos que ten este departamento. Non pode ser que día tras día apareza na prensa o conselleiro con louvanzas ás bondades da Formación Profesional e permita esta discriminación entre o

persoal docente destas ensinanzas ou bote balóns fóra apuntando a que o único culpábel desta situación é o goberno de Madrid. **A solución está agora unicamente na man da Consellaría.**

A campaña de equiparación salarial iniciada pola CIG-Ensino, en continuidade co traballo feito, busca non deixar ninguén atrás

Todo o persoal docente de FP debe ter as mesmas retribucións:

- Quen se integra por ter titulación universitaria
- Quen non se pode integrar sendo funcionario de carreira
- O profesorado interino de todas as especialidades, co mesmo criterio que o funcionariado de carreira.
- O profesorado especialista

Para a CIG-Ensino dividir nunca é a solución. A unidade do profesorado e o respecto á defensa de ter un mesmo salario polo mesmo traballo debe primar por riba de todo.

Profesorado interino con titulación de FP nas 19 especialidades que se integran en PES

Amosamos novamente a nosa preocupación polo colectivo de persoal interino das 19 especialidades que se integran en PES e que teñen titulación superior de FP. Dado que hoxe se trae á Mesa unha disposición transitoria ao Acordo que regula as condicións de traballo deste colectivo en Galiza podía ser unha boa ocasión para engadir outra na que se salvagarde a estabilidade nas listaxes de substitución destas

persoas que entendemos tamén que a Consellaría ten identificadas e sabe exactamente cantas e de que familias profesionais son.

Indefinición da situación do Profesorado Especialista de FP

Igualmente pedimos unha aclaración sobre o futuro que lle espera ao Profesorado Especialista de FP que está nas listaxes de substitución de determinadas especialidades que só existen en Galiza e que queda nunha situación moi inestábel tras a reforma do EBEP que introduce a limitación de 3 anos na ocupación dunha praza temporal nas administracións. A CIG-Ensino entende que, coa modificación prevista na Lei de emprego público de Galiza, debe atenderse esta excepcionalidade e permitir a súa continuidade indefinidamente.

Efectos retroactivos para todo o profesorado que cumpre os requisitos de integración

Por último, e non menos importante, hai algún movemento ou cambio de actitude ao respecto de recoñecerlle -con efectos retroactivos con data da entrada en vigor da LOMLOE ou ben cando comezaron a traballar- a integración tanto ao persoal interino do corpo de PTFP que ten titulación universitaria como a quen aprobou as oposicións en 2021? A CIG-Ensino xa presentou recurso de reposición a esta Orde e o seguinte paso será un contencioso administrativo, unha xudicialización que se podería evitar tamén cunha partida orzamentaria que entendemos que segue sendo intranscendente con respecto aos orzamentos do capítulo de persoal que manexa a Consellaría para o vindeiro ano.

Facilidades para garantir a integración no grupo A1

Como xa reiteramos en moitas ocasións, dada a nosa demanda histórica dun único corpo docente que pertenza ao grupo A1, ademais de facilitar a equiparación salarial mediante un complemento económico a Consellaría tamén pode, en colaboración coas universidades galegas, artellar mecanismos para facilitar que o PTFP a extinguir e o PESSFP consiga unha titulación universitaria no prazo establecido nesta nova Orde de integración antes de xaneiro de 2026. Ao igual que acontece co Curso de

especialización en formación pedagóxica e didáctica para PTFP que oferta cando menos a USC en Galiza e moitas universidades privadas ao longo do Estado co que directamente se forran, é perfectamente factíbel establecer un sistema para que as Universidades públicas galegas oferten formación que, por exemplo, no eido da Pedagogía ou ben noutro de carácter máis técnico ou afín a algunha das especialidades docentes da FP, lle permita a este profesorado a obtención dun Grao validando a experiencia docente ou ben a súa titulación previa por créditos ECTS.

Recentemente a Consellaría gabábase de que o Ministerio aceptara a súa proposta para establecer pasarelas que permitan a convalidación de estudos universitarios a quen queira facer estudos de Formación Profesional e o mesmo ocorre á inversa. Pois ben, de novo é cuestión de vontade política poñer en marcha unha Mesa de Traballo entre a Dirección Xeral de FP e a Secretaría Xeral de Universidades, así como coas tres universidades galegas para buscar unha solución que garanta unha pasarela efectiva e que facilite a obtención deste grao universitario a quen así o queira cursar. De seguro que se non se aborda este tema en serio aparecerán rapidamente titulacións de universidades privadas "voitres" que vexan un nicho de mercado neste tema e que buscarán as solucións que as administracións din non atopar. Insistimos, igual que no seu momento se eximiu de cursalo a quen non tiña o CAP pero que levaba traballando máis de dous anos, neste caso, por exemplo, os dous anos de titulación técnica superior de FP en calquera rama que sexa equivalente a efectos de docencia podería validarse por dous anos de estudos universitarios de grao e completarse con algunhas materias para poder obter esta titulación noutros dous anos.

Un plan especial de **licenzas por estudos retribuídas** debe acompañar estas medidas, algo que a CIG-Ensino xa demandou a comezos de 2021 e a Consellaría non fixo nada.